

CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS, Secretario Xeral do Concello de Lalín (Pontevedra),

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación Municipal o día **24 de setembro de 2021, adoptouse, entre outros o seguinte ACORDO:**

5.- EXPEDIENTE 3785/2021. APROBACIÓN INICIAL DA ESTRUCTURA DE CUSTES, O ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCIERA E OS ANTEPROXECTOS DE OBRAS EN RELACIÓN AO CONTRATO DENOMINADO "XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AGUAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE LALÍN".-

A Presidencia deu conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 13/09/2021. A continuación, o Sr. Secretario deu lectura ao **Ditame Favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Réxime Interno** do día 17 de setembro de 2021.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de votación electrónica, obtívose o seguinte resultado:

- Votos a favor: dezaioito (18), sendo once (11) do PP, catro (4) de CxG-CCTT, dous (2) do PSdeG-PSOE e un (1) do BNG.
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: unha (1), por ausencia no momento da votación da concelleira do PSDeG-PSOE D^a. M^a Luz Iglesias Cobas.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes, **APROBOUSE A PROPOSTA** do seguinte tenor:

Segundo o previsto no artigo 26.1 da LRBRL, un dos servizos que os municipios deberán prestar, en todo o caso, é o servizo de "abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas".

Co fin de garantir os servizos derivados das competencias propias enriba descritas, o Pleno de Corporación Municipal, na sesión celebrada o día 7 de maio de 2021, previa realización dos trámites preceptivos acordou iniciar o expediente de contratación denominado **"CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA LA GESTIÓN INTEGRAL DEL SERVICIO DE ABASTECIMIENTO DE AGUA POTABLE,**



Secretaría Xeral

ALCANTARILLADO Y DEPURACIÓN DE AGUAS RESIDUALES DEL MUNICIPIO DE LALÍN (Expte 4791/2018).

Sen embargo, unha vez tramitado o expediente e tras a presentación dun recurso especial en materia de contratación por unha das licitadoras interesadas no expediente, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia anulou a licitación do expediente enriba referenciado.

Diante desta situación, o Pleno da Corporación Municipal, na sesión celebrada o día 23 de xuño de 2021 acordou anular o expediente e iniciar os trámites para unha nova licitación do contrato de concesión do servizo do ciclo integral da auga.

Xa que logo, á vista desta situación, o Concello de Lalín está a tramitar un novo expediente co fin de adxudicar, á maior brevidade posible, a concesión do servizo.

Tal e como se ten indicado, o trámite dos expedientes de concesión de servizos require dunha serie de actuacións previas derivadas tanto da normativa prevista na Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da economía española e as disposicións que a desenvolven así como da normativa vixente en materia de contratación pública.

Deste xeito, en virtude do establecido no artigo 9.7 do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da economía española: *“os contratos cun prezo igual ou superior a cinco millóns de euros, o órgano de contratación, incluírá no expediente de contratación un informe preceptivo valorativo da estrutura de custes, emitido polo Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.*

A tales efectos o órgano de contratación deberá:

- a) Solicitar a cinco operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custes.*
- b) Elaborar unha proposta de estrutura de custes da actividade. Para elo empregará, sempre que sexa posible, a información das respostas que reciba dos operadores económicos mencionados na letra anterior.*
- c) Someter a súa proposta de estrutura de custes a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. No caso de que se presenten alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria. No caso dos contratos de concesión de obra pública, o órgano de contratación poderá optar por incluír este trámite de información como parte do previsto no apartado 3 do artigo 128 do TRLCSP (artigo 247.3 da LCSP).*
- d) Remitir a súa proposta de estrutura de custes ao Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.*

Doutra beira, os contratos de concesión de servizos, regulados no artigo 15 da LCSP, precisan dun trámite previo, previsto no artigo 285.2 da LCSP, que regula a



Secretaría Xeral

obligatoriedade da realización e aprobación dun estudo de viabilidade económico-financeira.

Xa que logo, con base en todo o anteriormente exposto e co fin de cumprir cos trámites esixidos pola normativa referenciada o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Estrutura de Custes do contrato denominado XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AGUAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE LALÍN (Expte. 3785/2021) redactada pola empresa *IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE S.A.* e sometela a exposición pública por un prazo de 20 días, previa publicación dun anuncio no BOP e remitirla á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, para a emisión de informe preceptivo.

Segundo.- Aprobar inicialmente o estudo de viabilidade económico-financeira elaborado pola empresa *ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.* e sometelo a exposición pública por un prazo dun mes e publicalo no Perfil de Contratación do Concello de Lalín.

Terceiro.- Aprobar inicialmente os Anteproxectos de Obras elaborados pola empresa *ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.* e sometelo a exposición pública por un prazo dun mes e publicalo no Perfil de Contratación do Concello de Lalín.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino o presente co visto e prace do Sr. Alcalde.

O Secretario Xeral.
César López Arribas

Visto e Prace. O Alcalde
P.D. a Primeira Tenente de Alcalde
M.^a Paz Pérez Asorey
(Decreto da Alcaldía de 24/06/2021. BOP n.º 126 de 05/07/2021)

